

A Xeración Knows, insisto

Xabier Cordal critica no seu artigo [Descubrir América](#) o meu sobre a *Xeración Knows* tentando enceitar un debate. O do debate é algo que agradezo porque a nosa literatura vive nunha especie de aburrída coma na que todos nos levamos caralludamente e nos admiramos ata o infindo.

- 07:34 01/07/2004

O problema é que aporta escasos argumentais. Cordal explícame que Aristófanes inventou a literatura urbana e que Safo era máis individualista ca Joyce; afirmacións das que me aleo porque é boa cousa sabelo por se un día dou en ler aos dous primeiros, pero que non dou relacionado co que eu escribín. A miña colaboración estaba referida ás características que unen a dez escritores galegos actuais na Xeración Knows, lonxe de min afirmar que eran os seus creadores nin que carecéramos delas ata apareceren.

Ao eu mencionar que os autores da Knows desviaran o seu ollar das literaturas en español e portugués como característica diferenciadora das xeracións anteriores estaba pensando na literatura nacional e quixen transmitir que os novos se interesaban máis polas escritas de Norteamérica e Europa. Sinto se o expresei confusamente, pero penei cun longo parágrafo sobre as literaturas española e suramericana en castelán, que deixaron de atraer a miña atención lectora hai anos, pero que serviu ao meu copolemista para descubrireme América. As miñas afirmacións sobre a intencionalidade política e sobre o coidado do idioma ían tamén referidos ás xeracións que precederon á Knows; dende logo, non opinaba sobre os narradores promocionados por Carmen Balcells coa campaña publicitaria do Realismo Máxico.

Contra o final do artigo atopo, ao cabo, material para a discusión. Aló, demasiado abaixo, Xabier Cordal sinálame a singularidade de Antón Lopo; certa é, pero que eu continuo mirándoa relacionada coas de Xurxo Borrazás, Xabier López López, Camilo Franco, Xesús Fraga, Fran Alonso, Francisco Castro, Rosa Aneiros, Miguel Anxo Murado ou Xerardo Quintiá. Engade que bota en falla a Angueira, Cid Cabido, Dariba "e un longo etcétera". Si, claro, tamén podería incluír a Aristófanes por moderno, a Safo por individualista e mesmo ao meu pai, que anota receitas de cociña nunha libreta, por fragmentario. Se procurei limitar a dez o número de autores da Xeración Knows foi por poder formular esa proposta que Xabier Cordal caricaturiza como comida rápida. Acepto o cualifitvo por estar convencido de aí veu o meu artigo primeiro da necesidade que temos ordenar teóricamente a produción literaria destes anos e de ofrecer ao lector unha guía para desprazarse pola excesiva cidade da edición galega. A miña proposta estaba apoiada nunha visión xornalística boto man do tópico sobre que o periodismo é historia de urxencia de ir colocando etiquetas de urxencias, pero dende logo, carece de todo chisco de pretensión académica. Iso queda para os expertos de dentro de dúas décadas.

